



Xacobeo 2021

galicia

XUNTA  
DE GALICIA

Investigación	Experiencias	Entrevista	Foro	Innovación	A nosa escola	Bibliotecas	Formación
---------------	--------------	------------	------	------------	---------------	-------------	-----------

[Inicio](#) » [A educación durante a pandemia](#) » [A educación durante a pandemia](#)

# Formación




## A educación durante a pandemia

### Materias pendentes e leccións aprendidas

Jesús Miguel Jornet Meliá  
Catedrático de Medición e Avaliación Educativas  
Universitat de València

As circunstancias vividas durante o confinamento motivado pola covid-19 na primavera de 2020 e o desenvolvemento anómalo do curso actual, 2020/21, deberíannos facer reflexionar. Entre as leccións aprendidas, hai que sinalar que a pandemia nos puxo socialmente ante un espello e estanse poñendo de manifesto problemáticas sociais e educativas que, actualmente, xa son evidentes. A emerxencia educativa é moi grave. Durante o confinamento puidemos realizar un estudo sobre como estivo a funcionar a educación nesa situación. O estudo denominouse *La escuela en casa* (EEC).



Responderon, xeralmente, familias de clase media e docentes, a maior parte da comunidade valenciana, aínda que tamén se recolleron unha gran cantidade de Castela-León e algunhas outras comunidades autónomas. Con todo, non constatamos diferenzas significativas entre os casos da comunidade valenciana e a mostra total, polo que pensamos que a sorpresa, polo inédita desta situación, debeu afectar de maneira similar a todos. Quen estea interesado nos resultados deste estudo pode descargar o seu informe completo (Jornet, González-Such, Perales, Sánchez-Delgado, Bakieva, Sancho-Álvarez e Ortega, 2020) a partir da seguinte [ligazón](#).

Os resultados puxeron de manifesto situacións que, desde a investigación e a avaliación educativas, se veñen coñecendo desde hai tempo, pero que se fixeron máis evidentes nestes momentos de excepcionalidade; así como outras informacións que poden ser útiles para orientar un debate sobre unha nova lei de educación.

En primeiro lugar, respecto das familias, é evidente o feito de que, cando desaparece a escola, os colectivos máis vulnerables son os máis afectados e isto véñse estudando desde hai moitos anos. Así, tamén se puido comprobar nesta situación, entre os participantes no estudo, que os que máis sofren a súa ausencia, tanto no ámbito académico como socioafectivo e mesmo económico, son os colectivos máis vulnerables.

Hoxe en día confirmamos o que se prevía que ocorrería: que o confinamento deixou un atraso importante na maioría dos escolares, aínda que as desigualdades entre colectivos favorecidos e desfavorecidos medraron. Aínda que non as poidamos cuantificar con exactitude aínda hoxe, como o confinamento o sufrimos todos, o efecto negativo na poboación escolar foi xeneralizado. E iso, porque ás dificultades debidas á falta de medios tecnolóxicos se uniron outras de carácter social: as escasas competencias que tiñan as familias para poder acompañar académica, informática e emocionalmente os seus fillos na EEC. Faltábanlles recursos materiais, pero achegárllelos de improviso, sen un acompañamento ás familias, servía de ben pouco, pois non tiñan en moitos casos coñecementos académicos nin informáticos, ou ben lles faltaban recursos para saber motivar os seus fillos e fillas nunha situación tan complexa; pero era complicado improvisar outras solucións nesas estrañas circunstancias.

Outro fenómeno, inesperado tan só en parte, foi que familias mellor preparadas culturalmente para apoiar os seus fillos na casa puideron facer pouco se debían estar atendendo o seu traballo, fóra por medio do teletraballo ou, como persoal esencial, nos seus postos laborais habituais. A falta de medios para a conciliación laboral-familiar é un feito que subxace durante a pandemia e fóra dela. Isto tamén impacta lamentablemente xerando dificultades para unha educación que se dea en complicidade entre as familias e os centros educativos.

Respecto da situación que tiveron os docentes para realizar o seu traballo na EEC, tal como eles mesmos informaron maioritariamente, afrontaron a EEC cos seus propios recursos e improvisando como realizar a docencia, considerando a súa dispoñibilidade e a das familias do seu alumnado. A maior parte deles utilizou os seus propios medios (computadores, tabletas, móbiles e conexión a Internet persoal), sen apoio da Administración pública ou dos centros nos que traballaban se eran concertados/privados. Hai que recoñecer o traballo xeneroso do profesorado, normalmente pouco recoñecido, e que durante o confinamento tamén o foi. As dificultades e recursos que atoparon descríbense con detalle no informe anteriormente mencionado. Analizáronse: a) as condicións que tiveron no fogar para compatibilizar a súa vida familiar co teletraballo, b) as metodoloxías utilizadas (en xeral, improvisadas, baseadas na vontade e co apoio, en todo caso, de compañeiros), c) as técnicas avaliativas que, no caso de utilizarse, non foron moi adecuadas para un ensino en liña... En definitiva, a situación docente estivo moi marcada por condicións de tensións, cun desbordamento de traballo moi xeneralizado, intentando ofrecer no posible, por solidariedade coas familias, os recursos e esforzos que podían achegar segundo a dispoñibilidade de acceso e comunicación co seu alumnado.

Con todos os problemas, un resultado que cómpre destacar é que, tanto as familias como os docentes, tras vivir esta experiencia excepcional e inédita, apoiaban maioritariamente que, pasada a pandemia, se integrasen actividades realizadas mediante Internet no traballo escolar habitual. E que iso se puidese realizar nas diversas materias, tamén desde a casa.

A situación do curso actual tamén ten as súas circunstancias diferenciais con respecto á normalidade. Non se dá un confinamento xeneralizado, pero ao longo do curso 2020/21 daranse confinamentos temporais aleatorios que afectarán de diferente maneira á poboación escolar. Ao non haber un plan de acompañamento e reforzo, que se podía organizar no ámbito estatal con colaboración de docentes de todas as comunidades autónomas, as desigualdades que poden darse neste curso son imprevisibles. Coñecemos en moitas comunidades autónomas cantas aulas se pechan semanalmente por casuística vinculada coa covid-19, pero tamén parece ser que seguen sendo maioritariamente os docentes, no conxunto de España, quen lle dá resposta á situación. Desde os seus coñecementos, dispoñibilidade e intentando atender o alumnado segundo as características familiares.

Por iso é previsible que a situación actual, ademais de que se vai estender durante todo un curso, vai producir un conxunto de desigualdades dispersas que impactarán negativamente no desenvolvemento persoal e na evolución do nivel de logro no sistema educativo. Pero non se está facendo nada para compensar a situación e previr que as dificultades se agranden, dispersas dentro do sistema educativo. Por iso, a inoportunidade da lei orgánica de educación –que, cando

se publique este artigo, previsiblemente xa estará aprobada– e que propón reordenar un sistema sen ter en conta as súas necesidades actuais, cando todos os esforzos deberían estar centrados en afrontar xuntos que se palíen os problemas en todo o territorio nacional.

As materias pendentes que quedaron tras o confinamento, e quedarán tras este curso en pandemia, serán graves e pouco previsibles. O único que podemos vaticinar é que se agrandarán as desigualdades segundo o nivel socioeconómico e cultural das familias, pero que poucos quedarán exentos, por bo nivel que teñan, de sufrir algún tipo de atraso académico. Pechar os ollos ante iso é negar a realidade. E quedan algunhas leccións aprendidas que intentaremos sintetizar a continuación.

A política educativa non pode deseñarse sen atender a diversos elementos que condicionan a educación:

a) É necesario, e é posible, un novo tipo de escola, que integre xunto ás actividades presenciais outras que familiaricen o alumnado e as familias coas TIC. Do mesmo xeito que en moitos centros bilingües se lles solicita aos pais que aprendan tamén o idioma estranxeiro para acompañar os seus fillos no estudo, deberíanse formar as familias –desde os propios centros escolares– nas ferramentas informáticas necesarias para que pais e fillos colaboren en tarefas escolares que se poidan facer desde casa (os deberes habería que cambialos cara a ese tipo de actividades). Iso favorecería a inclusión tecnolóxica da maioría da sociedade ao traballar coas familias ao completo.

b) Para que iso sexa posible, unha condición inicial é que na formación inicial do profesorado se revisen profundamente os plans de estudo. Non se poden seguir formando os docentes cunha estrutura escolar do século XIX se se quere que sexan bos docentes do século XXI. Os docentes do século XXI necesitan formarse nun marco no que o presencial e o virtual non sexan considerados dous mundos diferentes, senón que estean totalmente integrados, pois xa vivimos unha realidade nova: a aldea global presencial-virtual. E os docentes poden ser os mellores dinamizadores desa transformación social, formando en tempos complementarios as familias e acompañando o proceso de integración, de maneira natural, das TIC na educación na aula e desde o fogar.

c) Todo iso tamén está condicionado pola conciliación da vida familiar-laboral, que debería poder permitir que nais e pais dispoñan de tempo para atender os seus fillos tamén no fogar, promovendo unha participación familia-escola real e non só formal.

d) As estruturas escolares poden e deben axustarse a un modelo real de ensino por competencias –sustentado tamén nas TIC– que aínda segue sendo un desiderátum, pois aínda estamos –mesmo coa nova lei– co currículo establecido en compartimentos estanco, as materias, e sen unha forma de gobernanza escolar que permita claramente apostar pola creación de proxectos escolares innovadores, baseados na creación de equipos docentes que actúen de maneira colexiada.

e) Calquera lei de educación debería nacer dun traballo inicial realizado por investigadores e profesionais da educación en colaboración cos expertos en contidos específicos (matemáticos, físicos, filósofos, historiadores, lingüistas...). Formulado un proxecto que nacesse dunha visión científica da educación, o traballo político debería circunscribirse a segregar os elementos ideolóxicos –non nacidos de aspectos científicos– para darlles unha resposta sociopolítica, sexa desde dentro do sistema educativo ou desde fóra del. E acordado mediante un gran pacto social pola educación. O goberno que debese poñer en marcha a lei tería que contar co compromiso por parte de todos os partidos políticos para facer un seguimento da súa implementación, deixándoa desenvolverse e avaliando os seus logros, corrixindo unicamente os elementos que se detectasen como mellorables e dinamizando os factores posibles para a súa mellora.

Pero todo o anterior debería realizarse desde o diálogo e a sensatez, sen imposicións. E menos aínda que quedase a sensación de que a educación foi novamente moeda de cambio para outros intereses gobernantais. Requírese o pacto social como marco de desenvolvemento legal e unha complicitade, que non se observa na actualidade, entre os diferentes ministerios do goberno español para crear as condicións que permitan propoñer unha lei de educación que una: educación, ciencia e tecnoloxía, universidades, condicións económicas e sociais, sanidade etc. Esa coordinación interna debería tamén amparar a proposta e o desenvolvemento da lei. En realidade, estas son as materias pendentes máis difíciles de superar.

A covid-19 xerou e é posible que aínda leve máis sufrimento ás persoas e á sociedade, pero tamén constituíu unha oportunidade para recoñecer as súas potencialidades e deficiencias na gobernanza do país.

En España, con la crisis económica desde el 2008 y los posteriores problemas políticos y territoriales, se descuidaron temas fundamentales: la sanidad, la educación, la ciencia y la cultura. El sector público debe estar cuidado al máximo, recuperando lo perdido por recortes y descuidos del gobierno y orientando políticas de transformación social, en las que el eje central sea crear una sociedad con mayor cohesión social, basada en el bienestar que pueda aportar a todos los ciudadanos, la mejora de la sanidad, de la educación y de la cultura, así como reorientando el tejido productivo tomando como base la ciencia y la tecnología. (Jornet *et al.*, 2020, p. 177).

Número: 80 / xullo-décembro 2020

Sección: Enfoques

IMPRIMIR

RECOMENDAR

## Ligazóns relacionadas

